



MEMORIA TÉCNICA DO ESTUDIO ARQUEOLÓXICO DA FORTALEZA DA ROCHA FORTE

(5^a fase de actuación)

2006

Dirección:
Raquel Casal García
Fernando Acuña Castroviejo

**Sr. Director Xeral de Patrimonio Cultural
Consellería de Cultura e Deporte
Edificio Administrativo de San Caetano-Bloque 3
15704 Santiago de Compostela**

**Raquel Casal García, con DNI 35214636 e Fernando Acuña
Castroviejo, con DNI 33.151.995, pola presente:**

DEPOSITAN

A Memoria Técnica dos traballos arqueolóxicos consistentes en escavación, desescombro e limpeza das estruturas do xacemento da Fortaleza de A Rocha Forte (5º Fase), ubicado na parroquia de Conxo, no concello de Santiago de Compostela (CD 102A 2006/371/0).

Santiago de Compostela, a de xaneiro de 2007.

Asdo. Raquel Casal García

Asdo. Fernando Acuña Castroviejo

ÍNDICE

1. FICHA TÉCNICA	3
2. INTRODUCIÓN	4
3. ENTORNO XEOGRÁFICO	5
4. OBXECTIVOS	7
5. CONSIDERACIÓNNS PATRIMONIAIS E HISTÓRICAS	8
6. MEMORIA DOS TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS	10
6.1. Escavación	10
6.2. Limpeza	11
6.3. Restauración e excavación	12
6.4. Labores de planimetria, fotografía e debuxo	13
6.5.-Metodoloxía e sistema de rexistro arqueolóxico	14
7. RESULTADOS DA INTERVENCIÓN	17
7.1.- Descripción da actuación arqueolólica: excavación	17
SECTORES 40 E 41	18
SECTORES 51, 52, 61 E 62	36
SECTOR 23	60
7.2.- Limpeza	62
SECTORES 15, 16, 17, 25, 26, 27, 36 E 37	62
7.3.- Materiais	71
8. CONCLUSIÓNNS	124

1.- FICHA TÉCNICA

Nome do proxecto:	<i>5ª Fase de actuación na fortaleza medieval de A Rocha Forte.</i>
Promotor:	Consorcio de Santiago. Rúa do Vilar 59 Santiago de Compostela
Zona da actuación:	Concello de Santiago de Compostela.
Tipo da actuación:	Escavación, desescombro, limpeza e consolidación de estruturas.
Código de Proxecto:	CD 102A 2006/371/0
Arqueólogos directores:	Raquel Casal García. Fernando Acuña Castroviejo.
Equipo técnico:	José Ramón Martínez Casal Guillermo Santamaría Gámez
Datas da execución:	Inicio: 11 de xullo de 2006 Final: 31 de Agosto de 2006

6. MEMORIA DOS TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS

O ano 2006 supón a quinta intervención arqueolóxica no xacemento, e de acordo cos representantes do Concello de Santiago e do Consorcio, promotores das obras de recuperación da Fortaleza de A Rocha Forte, propúxose para a presente campaña, realizar unha serie de traballos que permitisen por unha parte, concluir temas de consolidación que non se acometeron en outras campañas, por falta de presuposto, e por outra parte rematar as actuacións nos sectores xa escavados realizando unha serie de valoracións técnicas. Todo elo enfocado á creación dun plan de actuación cuatranual que contemple a avaliación global das actuacións e que permita poñer ao descuberto todos os restos da fortaleza e con elo preparar o plan de musealización.

Esta, foi polo tanto, unha campaña de transición e de reflexión para acometer a recuperación total do xacemento en anos posteriores.

6.1.- Escavación

No proxecto arqueolóxico aprobado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o día 11 de xullo de 2006, propúxose a realización de traballos arqueolóxicos nos seguintes sectores:

Sectores 40 e 41.

Nestes sectores, propúxose a delimitación de certas estruturas que na campaña anterior en parte no foron delimitadas, xa que no estaban previstas no proxecto de conservación do mesmo ano. Polo tanto, delimitaríase cunha limpeza exhaustiva, o lenzo exterior da barbacá³, así como no posible, o interior, delimitando a estrutura do torreón⁴ noroeste (UEM211). Para elo, propúxose a retirada controlada dos niveis superiores da liza (manto vexetal e escombros. Así mesmo, regularizaríase a zona da liza que na campaña anterior quedou inacabada, retirando os niveis de derrube áinda existentes na zona.

³ Debemos entender este termo como muralla baixa preto do foso que está diante dunha cerca ou muro.

Sectores 51, 52, 61 e 62.

Delimitación das estruturas murarias existentes entre o Torreón noroeste (UEM211) e a zona de entrada á fortaleza (tramo N-W), concretamente co torreón cuadrangular UEM109. Para elo, proxectouse retirar o manto vexetal existente así como os niveis de sedimentación e derrube documentados en anteriores campañas. O obxectivo era a de continuar a cerca⁵ muraria que cerra a parte norte do xacemento. Con elo pretendíamos ter localizada, aínda que sexa a nivel de cimentos, o cerre e a porta de entrada, para a que propoñemos tamén a consolidación dos restos.

Sectores 03 e 04.

Partindo do perfil Leste da cata do sector 03 (sector 27 na anterior campaña de escavación de 2005), propúxose abrir una gabia de 1m de anchura por 25 de longo, a fin de que a auga estancada nos sectores 03, 12, 13, 21 e 22 (sectores 24, 25 e 26 na anterior campaña de escavación de 2005) se libere conducíndo-a cara o río, aproveitando o transcurso dunha canalización escavada na rocha documentada na escavación do ano 2005.

Unha vez realizada a gabia, procederíase a cubrir a superficie escavada por medio de xeotextil e unha capa de grava ou area, sobre a cal se colocaría unha rede de evacuación formada por tubos de formigón, a cal se taparía para permitir o tránsito peonil como de maquinaria cara os sectores orientais.

Esta intervención non se realizou debido ás cautelas adoptadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na resolución de autorización do proxecto.

6.2.- Limpeza.

Sectores 15, 16, 17, 25, 26, 27, 36 e 37.

⁴ Torre de carácter defensivo relacionada con castelos e fortalezas, máis alta que ancha e xeralmente de planta circular. Soen estar almenadas –con remate de merlóns–.

⁵ Muralla que se pecha sobre si mesma. Tamén recibe o nome de recinto.

Nesta área (que se corresponde cos sectores 47, 57, 67, 77 e 87 das anteriores intervencións) plantexouse unha limpeza exhaustiva con control arqueolóxico da maleza existente así como dos distintos aportes de terra e derrube secundario. A zona de actuación comprendería o lenzo exterior de la barbacá no seu tramo L, desde o torreón S-L cara o torreón N-L.

En anteriores intervencións documentouse nesta zona unha estratigrafía composta de niveis de derrube de sillarexo de grande potencia que faría necesario o uso de maquinaria.

Recinto interior. Limpeza de acumulacións pétreas.

En todo o xacemento e dentro do recinto interior cercado pola muralla (perímetro integral), realizouse un baleirado manual con metodoloxía arqueolóxica, de todas as acumulacións pétreas que sospitamos que na súa maioría, son acumulacións artificiais realizadas ao longo do tempo, xa que o lugar, a pesar de ter sido abandonado desde a súa destrución polos Irmandiños, foi sempre usado para acumular pedras que entorpecían as labores agrícolas que se realizaban no seu entorno.

Clarificar a superficie de acumulacións pétreas permitirá valorar a potencia do xacemento nos distintos sectores e poder realizar así unha valoración presupostaria para o futuro.

6.3.- Restauración e Escavación.

Sectores 13 e 23 (25, 26, 35 e 36).

Nesta zona trataríase de enderezar o muro da cara interior da barbacá, actualmente entibado, así como rematar a escavación na parte superior que forma a techumbre das escaleiras ubicadas na liza, para unha mellor delimitación da zona xa que, por motivos de seguridade tivo que quedar paralizada, e que, co proxecto de enderezamento e consolidación da barbacá no seu lenzo interior, podería ser compaxinado.

Así mesmo propoñemos a limpeza e consolidación da zona onde desembocan as canalizacións dentro do castelo, tanto a de entrada como a de saída (sector 03), así como resolver a zona de unión entre las escaleiras exteriores e a que consideramos porta tapiada, e que sería a parte posterior da fonte e da porta abovedada.

Deste epígrafe tan só se puido realizar o concernente ao sistema de admisión de augas a través das canalizacións exteriores por medio da zona denominada “subterránea”.

A resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural recollía a prohibición de desmontar a barbacá nos sectores 13 e 23 (25, 26, 35 e 36 na anterior topografía) para a súa posterior restauración. Os servizos técnicos da Dirección Xeral acudiron a estudar o tema de restauración desta estrutura sen que polo momento aportasen a medida a seguir.

6.4.-Labores de planimetria, fotografía e debuxo.

Por último acometeríanse novas labores de planimetría que sirvan como base, desde a topografía, para axudar a construír hipóteses de interpretación sobre cómo funcionou a fortaleza de A Rocha Forte durante a época.

Esta actividade pretende así mesmo reflexar os cambios producidos no entorno do xacemento durante os derradeiros anos. A realización da nova topografía está aínda en proceso pero reflexará o novo trazado da vía do tren que foi trasladada cara o Sur, ocupando terreos do xacemento.

As actuacións realizáronse en base aos criterios adquiridos en anteriores campañas nas que as catas arqueolóxicas permitiron valorar, por unha parte o estado das cimentacións dos basamentos das murallas, e por outra a estratigrafía do xacemento, o que permitiu unha valoración para a presente campaña de escavación.

Tal e como se especificaba no proxecto consideramos necesario incluír as áreas a escavar dentro dunha malla cartesiana, deseñada en anteriores fases de actuación na

fortaleza, que englobase a totalidade do xacemento. **Deste modo as áreas escavadas cingúronse aos sectores 40, 41; 51, 52, 61 e 62; 23, e finalmente 15, 16, 17, 25, 26, 27, 36 e 37**, onde se realizou unha limpeza exhaustiva do nivel de derrube documentado en anos anteriores.


6.5.-Metodoloxía e sistema de rexistro arqueolóxico

A escavación foi prantexada como un proceso de lectura estratigráfica, coa recollida pormenorizada de todas as evidencias que foron aparecendo en campo, loxicamente complementadas cun rexistro exhaustivo e detallado dos diferentes niveis estratigráficos e estruturais, empregando para isto un dossier de fichas creadas para a ocasión entre as que se atopan as de Unidade Estratigráfica e Unidade Estratigráfica Muraria, que foron analizadas aplicando o Método Harris de estudio de secuencias estratigráficas, e metodoloxías propias da Arqueoloxía da Arquitectura, como a lectura de paramentos.


Para o rexistro da información considerouse como norte arqueolóxico o norte xeográfico, actualizando para elo a topografía existente e a malla cartesiana deseñada para o plantexamento dos diferentes sectores. Por elo, abandonouse o norte arqueolóxico que tiña como referencia a actual vía do tren, que variaba aproximadamente uns 50º con respecto ao norte xeográfico, como aconteceu en anos anteriores. O punto 00 do teórico sistema cartesiano situouse na esquina SW da planta do xacemento.

Na campaña de escavación realizada este ano, contouse cunha Estación Total. Empregáronse un total de 11 bases con coordenadas relativas, algunas delas proporcionadas polos topógrafos en anteriores campañas e outras creadas este ano para cubrir todas as áreas nas que se levarían a cabo os traballos arqueolóxicos.

Todo o traballo de escavación foi complementado coa realización dun sistemático rexistro gráfico, empregando para elo fotografía e debuxo arqueolóxico. Os materiais foron recollidos por niveis estratigráficos, ánda que hai que sinalar un número de pezas que pola súa especial relevancia ou particular situación resultaron interesantes para rexistrar tridimensionalmente.



Vista dos sectores propostos para a intervención do ano 2006, segundo a “planimetría antiga”.



Exemplo dos resultados da nova topografía realizada en 2006 (non están integrados os resultados da actual campaña).

7.- RESULTADOS DA INTERVENCIÓN

De novo, tal e como se certificou en campañas anteriores, os dados obtidos permitíronos observar a grande importancia desta fortaleza en época medieval coa presenza dun articulado de cercas murarias que defendían as estruturas interiores do recinto amurallado, así como unha rede de abastecemento de augas, tanto exterior como interior. A escavación arqueolóxica realizouse nunha superficie aproximada de 150 m², divididos en tres áreas. A área máis extensa é a correspondente coa zona da entrada, cuns 125 m². A intervención no sector 23 implicou actuar nunha superficie de 1 m² e o restante na área da liza (sectores 40 e 41). Alén desta superficie, cómpre sinalar a actuación nos sectores da barbacana no seu tramo sur.

7.1.- *Descripción da actuación arqueolóxica: escavación.*

Os sectores nos que se levaron a cabo os traballos arqueolóxicos na presente campaña, responden ao proxectado e presentado no proxecto de actuación, coa salvedade das cautelas adoptadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que xa se mencionaron anteriormente.

Polo que respecta ao rexistro da información, aplicouse o método Harris numerando os diferentes niveis e estruturas empregando para elo un número correlativo ao último asignado nas anteriores campañas realizadas en cada zona. Todas as fichas foron cubertas en campo e trasladadas ao programa informático Proleg Stratigraf, cuxos resultados expoñemos aquí, acompañados da **Matrix** final que reflicte a totalidade das relacións do xacemento.

7.- RESULTADOS DA INTERVENCIÓN

De novo, tal e como se certificou en campañas anteriores, os dados obtidos permitíronos observar a grande importancia desta fortaleza en época medieval coa presenza dun articulado de cercas murarias que defendían as estruturas interiores do recinto amurallado, así como unha rede de abastecemento de augas, tanto exterior como interior. A escavación arqueolóxica realizouse nunha superficie aproximada de 150 m², divididos en tres áreas. A área máis extensa é a correspondente coa zona da entrada, cuns 125 m². A intervención no sector 23 implicou actuar nunha superficie de 1 m² e o restante na área da liza (sectores 40 e 41). Alén desta superficie, cómpre sinalar a actuación nos sectores da barbacana no seu tramo sur.

7.1.- Descripción da actuación arqueolóxica: escavación.

Os sectores nos que se levaron a cabo os traballos arqueolóxicos na presente campaña, responden ao proxectado e presentado no proxecto de actuación, coa salvedade das cautelas adoptadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que xa se mencionaron anteriormente.

Polo que respecta ao rexistro da información, aplicouse o método Harris numerando os diferentes niveis e estruturas empregando para elo un número correlativo ao último asignado nas anteriores campañas realizadas en cada zona. Todas as fichas foron cubertas en campo e trasladadas ao programa informático Proleg Stratigraf, cuxos resultados expoñemos aquí, acompañados da **Matrix** final que reflicte a totalidade das relacións do xacemento.


SECTORES 40 E 41 (22/23/32/33)

Procedemos á escavación na zona que o ano 2005 correspondía á Cata 3. O noso obxectivo era rematar a escavación no intervalo da liza, que quedara sen rematar no ano anterior, e así, enlazar coa escavación nos sectores da Muralla Norte do Castelo (UEM229). Debido a que parte do terreo onde pretendemos actuar, non está cedido ao Concello de Santiago de Compostela por parte dos seus propietarios, tivemos que cinguirnos aos sectores 40 e 41 (representados na nova topografía realizada este ano) sen poder continuar a escavación polo sector 50 e así enlazar coa escavación da muralla Norte (Sectores 51, 52, 61, 62).

Faremos unha pequena aproximación á escavación do ano 2005 destes dous sectores (40 e 41) e posteriormente procederemos á descripción do realizado neste ano, debido a que nos permitirá enlazar coas zonas onde actuamos nesta campaña de intervención.

Zona Oeste da cerca UEM300 (escavacións previas).

A estratigrafía nesta zona é sinxela xa que resulta moi similar á detectada na anterior fase de 2004 na zona do torreón UEM 509 da fortaleza. A secuencia é similar identificándose como en aquela ocasión unha muralla de sillares e unha cerca muraria moi alterada que denominamos barbacá cun espazo intermedio –liza- cunha superposición de estratos moi similar á identificada na campaña de 2004 nos sectores 13, 14 e 23 (anteriormente 35 e 36).



Vista do Torreón Sur UEM 509.

Escavación de 2004.

Documentouse a continuación da cerca Sur (UEM 300) que se une directamente co Torreón Oeste da fortaleza cuxo código é UEM 211, presentando características construtivas idénticas ás da Torre Sur da fortaleza cuxo código é UEM 509. Este elemento arquitectónico está integrado por un recheo interior formado por un nivel de pedras e argamasa cuxo código de identificación é UE 204. Como particularidade con respecto aos dados obtidos na anterior campaña de 2004, a cerca muraria Sur (UEM 300), neste caso, presenta unha bancada de cimentación realizada en pedra (UEM 210), formada por pezas de granito de grandes dimensións, lixeiramente traballadas e colocadas a modo de tizón con dirección SW-NL.

Ao oeste desta cerca muraria e aproximadamente a 1,5 metros de distancia documentouse a aparición de novo da UEM 500 documentada no ano 2004 na zona do Torreón sudeste, aínda que lle proporcionamos o código identificativo UEM 228. Este muro tratase da barbacá que rodea á muralla principal, neste caso á cerca muraria UEM 300.

Como se comentou anteriormente, a secuencia estratigráfica detectada nesta zona presenta similares características á documentada na anterior fase de escavación de 2004, que tiña como unidade estratigráfica máis representativa a UE 502. Recordemos que se trataba dun nivel de terra de color marrón escuro, case negro, na que se localizou o grosso dos materiais arqueolóxicos recuperados durante a escavación. Na campaña de 2005, a este nivel estratigráfico se lle asignou o código UE 217 que posteriormente sería igualado á UE 502. Nembargante, cómpre sinalar que nos sectores 40 e 41, diferenciáronse outras UEs que presentan as mesmas características, e que xa describiremos. A UE 217 é un nivel de terra de similares características á UE 502 (asignada na campaña de 2004 e localizada na liza), de cor escuro, case negra, de grao medio e solta.

Cuberto polo derrube de sillares (UE 206), á súa vez cuberto polo nivel de “cascallo” UE 207, -que mencionamos anteriormente-, documentouse a UE 217, que xa mencionamos que se presentou moi rica en canto a materiais arqueolóxicos: cerámica, metal, elementos líticos, malacofauna, material óseo... Esta UE extendíase por toda a cata, buzando lixeiramente na zona sur da mesma. Por debaixo desta unidade estratigráfica localizáronse outras dúas, UEs 226⁶ e 227⁷, que proporcionaron así mesmo unha importante cantidade de materiais arqueolóxicos. A UE 226 presentaba unha tonalidade más clara que a 217 e a 227, pero posibelmente se correspondan con recheos procedentes do interior do recinto amurallado. Entre tanto, a UE 227 é idéntica á UE 217.

Neste punto foi onde este ano se retomaron os traballos arqueolóxicos.

Tanto a UE 217, como as UE 226 e 227 responden ao mesmo patrón: son os depósitos onde se documentan a maioría dos materiais arqueolóxicos, o que nos invita a considerar que ou ben a liza era unha especie de vertedoiro onde se botaban os desperdicios, ou ben eran recheos que se facían con aportes procedentes do interior do castelo ou das obras de reformas realizadas. Así, probabelmente, esta segunda opción sexa a más razoable, en canto que presentan unha considerábel homoxeneidade.

⁶ Nivel de terra na que se pode ver grande cantidade de fragmentos de malacofauna –ostra- que lle confire un matiz branquecino. Trátase dunha terra de grao grosso e solta con presenza de material arqueolóxico.

⁷ Nivel de terra de grao medio, de cor marrón escuro no que se documentou unha grande cantidade de material arqueolóxico. Presenta similares características á UE 217.

Na zona norte da cata, que comprende a área escavada do sector 40, a estratigrafía presentaba grandes cambios respecto á documentada no sector 41 (área sur da cata). A escavación do ano 2005 soamente retirara parcialmente os niveis más superficiais, a saber: o manto vexetal (UE201) e os niveis de derrube (de cascallo UE207 e de sillares UE206. Así, co fin de igualar as UEs en toda a cata para poder realizar a escavación, retiramos a UE230, que se identificou como os restos superficiais producidos durante a campaña de 2005. Cando se iniciou a escavación, este nivel estaba formado por terra marrón, solta e pouco compacta, pero apelmazada, e contaba con numerosas pedras de granito de pequeno tamaño que procederían das UEs de derrube documentados previamente.



Vista da UE230 e do muro UEM219.

Retirada esta UE230, documentouse na marxe oeste da cata a UE231, identificada como o nivel de terra vexetal situado ao oeste da cata e do muro UEM219. É un nivel de terra marrón clara, pouco compacta e de grao fino –posibelmente por estar traballada por labouras agrícolas-. Cuberto por este nivel apareceron os restos da estrutura UEM219, identificado como un muro realizado en épocas recentes para a delimitación das parcelas no exterior do recinto amurallado e que xa fora levantado parcialmente no ano 2005. Este muro estaba apoiado na barbacá UEM228, que xusto nesta zona, describe unha “circunferencia” para adaptarse á forma do torreón UEM211,

e na UE232. Esta UE trátase dun nivel de aspecto xabregoso, de cor amarelo, de grao medio e pouca compatación. Este nivel apóiasiá á súa vez sobre o torreón UEM211 e a barbacá UEM228 e estaba cuberto polas UE230 e UE231.

A escavación continuou coa retirada da UE235, cuberta pola anterior UE232. Como se pode observar na fotografía inferior, esta UE235 estaba “intercalada” entre dous niveis de xabre que chegan a ter relación estratigráfica directa. Posibelmente, a UE235 sexa un aporte que se produxo cando tanto a UE323 como a 236 se orixinaron e sedimentaron a liza.

Baixo a UE236, de características similares á UE232, apareceu a UE237, documentada no resto da cata. Trátase dun nivel de terra de cor escura, de características similares ás das UES 217 e 227 –posteriormente foi igualada con esta última-. Presentaba unha alta concentración de carbonciños. A súa composición era de grao groso, pouco compacta, solta, con aporte de area e cun certo grao de humidade.



Esta UE237 documentouse por todo o resto da cata (sector 41) cuberta pola UE230. Debaixo da UE237 apareceu un pequeno nivel de terra marrón, a UE239, pegada á cimentación UEM210 da Cerca Oeste UEM300. É un nivel de terra de aspecto

limoso, que presenta gran humidade, posibelmente por estar en contacto con niveis procedentes da alteración do substrato.

Cara o oeste da UE239, documentouse a UE238, cuberta pola UE237 e 239. Trátase dunha unidade formada por pedra de granito e xabre procedente, posibelmente do momento de construción ou ben da cerca muraria UEM300 ou ben da Barbacá UEM228, considerando que sexa máis factíbel este segundo caso. A extensión desta UE238 cubre todo o espazo da liza menos a zona norte que coincide co “tramo redondeado” da barbacana.





Detalle da UE237.



Vista da UE238 e da

UE239, desde o Sul.

Por debaixo da UE239 e da 238, documentouse a UE 242, de escasa potencia e de textura limosa e que está cubrindo á UE244, que presenta as mesmas características que a UE238: nivel de xabre con pedras de granito degradadas, que estaba á súa vez, cubrindo ao substrato UE241.

Consideramos que a UE244, responde a similares causas que a UE238: poden deberse a obras realizadas nesta área, concretamente obras realizadas para erguer as principais estruturas documentadas –a cerca UEM300 e a súa cimentación UEM210, así como a barbacá UEM228-. Presupongo, que a barbacá responde a momentos más tardíos –século XV- que a construcción da cerca, a UE238, pola súa posición

estratigráfica pertencería ao momento de construcción da mesma, namentres que a UE244 respondería aos momentos de construcción e/ou reforma da cerca UEM300.



Vista da UE242.




Vista da UE244.

Pola súa banda, na zona norte da cata, por debaixo da UE 237, documentouse a UE 240, un nivel de terra marrón con abundante presenza de tella fragmentada e compactada, que se apoiaba na barbacá UEM 228 e que cubría ao substrato (UE 241).



UE240.



Detalle da UE240.

Como estruturas, documentáronse as seguintes:

Cerca Muraria UEM 300: é a cerca sur do recinto fortificado, realizada con bloques de granito dispostos a tizón, coa cara exterior revestida por sillares ben escuadrados e a interior sen revestimento de sillares, dando a apariencia de que a intención era dignificar a zona visíbel desde o exterior.


Cimentación da Cerca UEM 300 **UEM 210:** cimentación da cerca formada por bloques de granito sen escuadrar pero levemente traballados. Presenta un total de catro fiadas, asentándose sobre o substrato (UE 241). Están dispostas a modo de tizón en sentido N-S.

Torreón UEM 211: torreón circular situado na esquina NW do castelo, a partir do cal se articulan as cercas N (UEM 229) e W (UEM 300). Aséntase sobre o substrato e sobre unha pequena cimentación: UEM 245. a parte superior está composta polo recheo interno que é a UE 204.

Cimentación UEM 245 do Torreón UEM 211.

Barbacá UEM 228: estrutura muraria anteposta á cerca UEM 300, formada por pedras de granito, con fábrica de sillarexo na zona exterior, e aparello irregular no alzado interior. Está asentada sobre o substrato UE 241. Nas fiadas inferiores presenta elementos arquitectónicos reutilizados (ménulas⁸). Descoñecemos o grosor desta estrutura debido a que non se procedeu a escavar a zona exterior. Como se puido comprobar no ano 2005, este tipo de estrutura presenta o alzado exterior achaflanado.

⁸ Pequeno soporte decorado que sirve para sustentar saíntes como cornixas, balcóns, etc.



Vista do remate da escavación nos sectores 21, 22, 31, 32. Pódese observar o alzado interior da Barbacá UEM 228, o substrato, a cimentación UEM 210 da Cerca UEM 300 e o Torreón UEM 211.

Reportaxe fotográfico.




Perfil Norte.




Perfil Sur.



Perfil Oeste. Á esquerda obsérvase o alzado da barbacá UEM228.



Detalle do proceso de excavación.



Vista do Torreón SW UEM 211.



Final da escavación. Sector 41.



Vista da cimentación da cerca oeste, á esquerda.



Vista da barbacá UEM228, á dereita.



Vista dos elementos reutilizados na construción da barbacá UEM 228.

SECTORES 51, 52, 61 E 62 (31, 32, 41 E 42)

A escavación destes sectores parte das intervencións realizadas na Cata 2 e 3 do ano 2003, así como da escavación da Cata 3 do ano 2005, que en parte xa resumimos no epígrafe anterior con nome de Zona Oeste da Cerca UEM 300.

O que se pretendía era comunicar a zona denominada “Entrada” escavada no ano 2003 coa zona escavada no ano 2005 do Torreón W (UEM 211). Diferenciaremos dúas zonas ben definidas: a zona interior do castelo (Zona Sur da Cerca UEM229) e a zona exterior (Zona Norte da Cerca UEM229). Previamente, realizaremos un pequeno resumo das intervencións realizadas con anterioridade nas zonas próximas.

Zona Leste da cerca UEM300 (escavacións previas)⁹.

Como xa se comentara anteriormente, os traballos nesta zona completaban os iniciados na campaña de escavación de 2003 e 2005, contando cos dados documentados e rexistrados naquelas ocasións. Baixo o nivel de terra vexetal (UE201) documentouse a presenza dun nivel de cascallo (UE207) formado por pedra de granito moi miúda e comprimida con abundante lixo de época contemporánea (plásticos, vidros, metais, etc.). Unha vez retirado este nivel documentouse a presenza dun nivel de derrube de sillares de granito de gran potencia (UE206) posibelmente procedente da cerca muraria Oeste e da Norte (UEM300 e UEM229 respectivamente), así como do Torreón circular (UEM211) que enlaza estas dúas cercas. Compre sinalar a abundante presenza de elementos líticos arquitectónicos documentados: fustes, merlóns, sillares con marca de canteiro, fragmentos de celosía, etc.

Unha vez liberada a zona deste nivel de derrube identificouse a estratigrafía rexistrada na campaña de 2003 e composta pola UE212 (nivel de terra marrón homoxénea, bastante solta e moi uniforme, e se apoia nas cercas norte e oeste da fortaleza: 229 e 300 respectivamente); e a UE 215 (corte cuxo recheo o configura a UE214 –nivel de terra de cor amarelo, xabregoso de grao medio e solto, con presenza de pedras de granito de pequeno e mediano tamaño-). Na campaña de 2005 comprobouse

⁹ Correspón dese co sector 32 na topografía antiga.

como este corte extendíase, de forma lonxitudinal e con sección cadrada, desde o perfil Leste da cata cara o Oeste, batendo co careo interior da cerca muraria UEM300.

Unha vez escavada a UE212, apareceu un nivel de derrube de pedras con proxectís pétreos de diferentes tamaños que foron debidamente rexistrados e retirados (UE218). Baixo este nivel documentouse a existencia dunha estrutura rectangular de pequenas dimensións escavada no solo e formada por sillares de granito. Trátase da UE220 e semella corresponderse cun pozo de auga tal e como se puido comprobar trala retirada do recheo (UE221), contando cunha profundidade de 3,70 metros, altura á que se documentou a existencia de auga¹⁰.

Toda esta estratigrafía completase coa aparición dun novo corte con forma circular (UE223) de tres metros de diámetro, realizado no nivel UE222 que rodea á estrutura do pozo describindo unha circunferencia que partía desde o perfil N da cata e que integraba totalmente á estrutura UE220. O recheo deste corte o constitúe a UE224, formado por pedras de pequeno de granito de pequeno e mediano tamaño así como de terra de cor marón escura que presenta material arqueolóxico.

Para finalizar, mencionamos que a estratigrafía documentada na metade E da cata, únicamente podemos mencionar a existencia dun muro (UEM225) que con dirección N-S apoia sobre a cerca muraria Sur (UEM300). Este muro de mampostería está construído con material reempregado tal e como indica a presenza de fustes de columnas e pequenos proxectís de pedra no seu paramento e apoia directamente sobre a UE212 o que indica que a súa cronoloxía é claramente posterior ao resto dos elementos que configuran esta parte da fortaleza. Esta unidade muraria, foi obxecto dunha consolidación¹¹ durante a campaña actual para evitar o seu desmoroamento por carecer de cimentación.

¹⁰ Estrutura rectangular construída con sillares de granito de gran tamaño, ben escuadrados e careados e trabados con argamasa. As dimensións son de 0,63 mts. no eixo W-L, e de 0,91 no N-S, cunha profundidade máxima alcanzada até o momento de 3,70 mts.

¹¹ Esta actuación de conservación describirase no anexo referente a restauración.

Zona Sur da Cerca UEM229 (Sectores 51 e 52).

A escavación pertencente á campaña de 2006 comezou retirando o manto vexetal (UE201 e 100) que cubría toda a superficie dos sectores intervidos (51 e 52), de escasa potencia e que en algúns puntos xa se vislumbraba un nivel de entullo (UE207), formado por pedra miúda, e que xa se documentara na Cata 2 do ano 2003 (daquela asignóuselle o código UE118) e na zona escavada no ano 2005 (UE207). Presentaba unha terra marrón clara, de grao fino, moi solta, sen compactacidade, con presenza de materiais modernos (porcelana, vidro, plásticos, etc.) que se introducía sobre o nivel de derrube inferior. Este nivel documéntase en toda a zona colindante á Cerca Muraria Norte (tramo W UEM 229 e tramo L UEM 1), cubríndoа en ocasións.

Como xa se documentara na **Zona Leste da Cerca UEM300**, esta unidade estratigráfica cubría a un derrube de sillares e de bolaños de grande tamaño, que proporcionou unha importante cantidade de elementos arquitectónicos líticos, así como de posíbeis pequenas tapadeiras en pedra e fragmentos de bolaños (UE126 do ano 2003 e UE206 do ano 2005). A este derrube asinóuselle o código UE206, e relaciónnase co derrube da Cerca Norte UEM229. O nivel de entullo UE118/207 cubría parcialmente a Cerca Oeste do Castelo (UEM229), namentres que o nivel de derrube de sillares apoiábase sobre ela.



Vista do derrube de sillares (UE 206/126) cuberto polo derrube de “cascallo” (UE 207) no perfil Sur (Sector 52).



Vista xeral do derrube UE206, desde o Oeste.

A Cerca presentaba por debaixo do nivel de cascallo dous niveis conformados por argamasa, que presentaban un grao diferente de compactacidade: UE700 e 701,

mesturados con pedra miúda (cecais procedente do nivel de entullo UE207) e de raíces de especies arbustivas. Probabelmente, estas unidades formadas por argamasa, están en relación coas UE104 e 108 respectivamente, niveis de argamasa documentados no ano 2003 na estrutura UEM109, interpretada como a Torre situada ao W na zona denominada Porta de Entrada.

Unha vez retirado todo o derrube, na zona central da cata documentouse unha pequena acumulación de tella fragmentada (UE704) que se corresponde cun nivel de derrube da cubrición dalgunha estrutura realizada en madeira, como sinalaremos máis adiante. Este derrube de tella presentábase moi compactado, cubrindo a un nivel de pavimento (UEs703 e 706¹²) formado por cal, de cor branquecino. A única evidencia que se conserva é no perfil L da cata.



Vista do pavimento (UE706) unha vez retirado o derrube (UE206) e a capa de tella (UE704).

Este nivel de ocupación está cortado pola UE215, unha gabia documentada na Cata 3 escavada no ano 2003 e 2005. O pavimento presentaba un deficiente grao de conservación na zona más próxima á Cerca, apreciándose mellor ao sur do corte UE215.

¹² Se ben se corresponden coa mesma unidade estratigráfica, asignáronse códigos identificativos diferentes por estar cortados pola UE 215.



Vista do corte UE215.


Este pavimento, cortado pola gabia formada polo corte UE215, está asentado sobre a UE 709, un depósito de terra marrón escura, limpa, compacta, de grao fino. Aparece en ámbolos dous lados do corte UE 215. Posibelmente esta unidade se corresponda coa UE 212 documentada nas campañas de 2003 e 2005, polo que terá que ser igualada. Por debaixo desta UE709, aparecen dúas UEs que deberemos igualar: UE710 e 711, que se caracterizan por unha coloración máis escura que a UE709. É un depósito formado por terra marrón escura, de grao fino.



Vista da estratigrafía no perfil Leste, podendo observarse o recheo existente baixo o nivel de pavimento (cortado pola gabia 215).

Documentáronse dous buratos de poste que se poden relacionar co nivel de pavimento UE703-706. Apareceron orientados en liña recta en sentido transversal á cerca muraria, e se corresponderían coas negativas dun entramado realizado en madeira que estaría adosado á cerca e cubrindo, seguramente, á zona onde se ubica o pavimento, cunha techumbre, daí, o nivel de tella UE704.

O burato pertencente á negativa UE722 aparece cortando ao nivel de pavimento (UE706), e aos niveis inferiores (UE709 e 711). Está recheo pola UE723, de terra gris, con aspecto areosa, de grao fino, pouco compacta e con abundantes fragmentos de tella, estando cuberto polo nivel de derrube de tella (UE704). Pola súa banda, o burato de poste pertencente á negativa UE714, sitúase ao carón da cerca muraria Norte, e aparece cortando á UE212/709 e á UE710, recheo pola UE715, composta por terra marrón, de grao medio, pouco compacta, e novamente con abundantes fragmentos de tella.



Vista do burato de poste UE714.

En transición co substrato, documentáronse dous niveis formados por terra de cor marrón, de grao medio, que se lle asignaron os códigos de UE718 e 719 (deberan ser igualados e se corresponden coa UE222 documentada no ano 2005 na zona ao leste da cerca muraria UEM300), e que cobren directamente ao substrato UE721. Estes niveis de transición, puidémoslos identificar como a terra natural, que xa se documentara na Cata 2 do ano 2003 e que recibira o código UE140, e están cubertos polas UEs710 e 711.

O corte UE215 forma unha gabia en sentido L-W recheo da UE214, de forma rectangular. O seu recheo está conformado por aportes de terra e xabre que cobren a un nivel de terra negra (UE720), de pequena potencia, de grao moi fino e que se atopa por enriba do substrato rebaixado. Así mesmo, esta gabia ten unha prolongación en sentido N-S, cortando as mesmas unidades estratigráficas e recheo das mesmas, estando en contacto coa cimentación interior (UEM209) da Cerca Norte UEM229. Para diferencialos, asignámossal ao corte a UE716 (215=716) e ao nivel que o rechea UE717 (214=717).



Vista da UE720 que cubría a superficie da gabia realizada no substrato (UE731).

A relación estratigráfica do corte UE215 e do seu recheo UE214, así como de UE716 e 717, é claramente posterior ás UEs que forman o pavimento e os recheos construtivos inferiores. Descoñecemos a funcionalidade da gabia, pero posibelmente teña relación coa estrutura do pozo documentado no ano 2005, e que posibelmente respondan a un momento serodio da ocupación do castelo. A escavación da gabia completouse nos sectores 41 e 51 (nas anteriores campañas sector 31), xa escavado parcialmente no ano 2003 e 2005, coa retirada da UE720, permitindo observar como a estrutura que engloba ao pozo UEM220, exactamente o corte circular UE223 e o recheo (UE224) deste, se realizaron en parte sobre o nivel de terra negra UE720 depositado no fondo da gabia do corte UE215.



Vista de detalle do corte 215 unha vez escavado.



Vista da secuencia estratigráfica; corte UE 215, UE 720, e sobre esta, o recheo UE 224 no que se inclúe o pozo (UEM 220).

No resto desta zona, especialmente ao leste do pavimento, cara a zona da entrada, documentouse a mesma secuencia que apareceu por debaixo do pavimento: paquetes deposicionais relacionados probabelmente con recheos construtivos, que responden ás mesmas características que as UEs 710-711 e 718-719, aparecendo as primeiras cunha potencia menor que na zona onde se conserva o pavimento.

Compre sinalar, que a zona onde se sitúa o pavimento presentaba unha menor carga de derrube pétreo superficial. Como podemos ver na fotografía seguinte, as maiores acumulacións de derrube se sitúan nos extremos da cata.




Vista do perfil estratigráfico: nivel de cascallo (UE207), nivel de tella (UE704), pavimento (UE706), e niveis de recheo: UE709/212, 710/711, nivel de transición ao substrato (UE718/719), e substrato cortado pola negativa UE215. aos marxes, aparecen os niveis de derrube 118 (esquerda) e 206 (dereita).

Estruturas documentadas:

Cimentación (UEM 209) da Cerca Norte UEM : é a cimentación polo seu lado interior. Realizada con bloques de granito dispostos a modo de tizón, que se asenta no substrato.

Cerca Norte da fortaleza (**UEM 229**): actualmente só conserva a estrutura interna de recheo, conservando soamente un único sillar no alzado exterior. Presenta cimentación a cada lado.

Pozo UEM 220: estrutura rectangular construída con sillares de granito de gran tamaño, ben escuadrados e careados e trabados con argamasa. As dimensíons son de 0,63 mts. no eixo W-L, e de 0,91 no N-S, cunha profundidade máxima alcanzada até o momento de 3,70 mts.



O derrube 206 desde o leste.



A escavación unha vez retirado o derrube.




UE133, igualada coa UE709.



UE707, igualada coa UE710-711. Aparece ao leste da gabia.



Nivel de transición ao substrato (igualado coa UE718-719) ao leste da cata. UE



Proceso de excavación, retirado o recheo UE214.



Vista do corte UE716 e a cimentación UEM209 da Cerca Norte UEM229. En planta está a UE720.

Zona Norte da Cerca UEM229.


Esta zona fora obxecto no ano 2003 dunha sondaxe realizada como apéndice á Cata 3 (que amosou o recheo da torre UEM221 e a estratigrafía relacionada coa UE215). A localización desta cata debeuse á hipótese de que fose o lugar onde se situaría un dos torreóns do primeiro lenzo muraria da fortaleza.

A intervención iniciouse retirando o nivel de terra vexetal (UE 251), baixo o cal se documentou a existencia da UEM200, un muro formado por ripios de pequeno tamaño, sen traba e que aparentemente aparece ser de cronoloxía recente realizado polos veciños de A Rocha Vella como linde de fincas. Este muro asentábase sobre o nivel de cascallo UE207 documentado nos sectores interiores da fortaleza.



Vista dos restos da UEM200 e o nivel de cascallo (UE118-207).

Retirado o manto vexetal documentáronse varios niveis relacionados coas labouras agrícolas alí realizadas antano, así como niveis relacionados con escorrentías de auga que se localizan nos extremos W e L da cata (xa descritas en parte na memoria do ano 2003). Retirando estes depósitos, documentouse a UE 254, correspondente a un derrube formado por pedras de granito de gran tamaño e terra marrón, con presenza de tella e pedras de pequeno tamaño.



Vista do nivel de derrube UE254. Desde o Oeste.


Retirando estes niveis, apareceu a UE257, un nivel de pedras de gran tamaño, aparentemente colocadas –aparecen en posición horizontal na súa mayoría-, e “trabadas” cunha especie de argamasa amarela. Procedeuse á súa retirada para poder valorar a estratigrafía existente, aparecendo cuberta por esta a UE726, formada como un nivel de terra marrón escura, con abundantes pedras de granito dispostas de xeito similar que as da UE257. De feito, retirados os aportes de terra negra, apareceu de novo argamasa amarela trabando as pedras, polo que decidimos finalizar neste punto a escavación. Compre sinalar que estes niveis de “derrube” aparente non están en contacto coa cerca Oeste do Castelo (UEM229) nin coa súa cimentación (UEM702).

A UE727 sitúase ao carón da cimentación UEM702 da Cerca Muraria Norte UEM229. Está composta por terra marrón, solta e pouco homoxénea, limitando ao Oeste coa UE726, presentando abundante material arqueolóxico. Este nivel cubre á UE724, un nivel de similares características aos documentados na zona Oeste da Cerca

UEM300, nos sectores 40 e 41 (UE238 e 244), e que se apoia na cerca oeste, e que se asenta sobre o substrato.



UE727.



Debaixo desta UE, documentáronse dous niveis estratigráficos que como principal característica presentan a abundante cantidade de fragmentos de cuncha de ostra que posúen. Trátase da UE728 e da UE729. A primeira presenta terra marrón, con aportes de terra marrón clara, pedra miúda meteorizada e cuncha moi fragmentada, namentres que a segunda presenta unha coloración más escura. Debaixo da UE729, aparece a UE730, de textura granulosa e con abundante tella, e que está apoiada no substrato. Estas tres unidades estratigráficas que mencionamos, e que se sitúan cubertas pola “estrutura” UE726, non foron escavadas, polo que non podemos facer algunha interpretación, agás a que suxiren a elevada concentración de cuncha de ostras que presentan.

Na zona L desta zona, debaixo da terra vexetal (UE 201-251), documentouse unha bolsada de gran dimensión (UE 733), composta por terra limosa, de coloración negra, con abundantes bandas de area e pedras na zona inferior en contacto co substrato (UE 731). Posibelmente se deba a unha alteración da estratigrafía produto da extracción de sillares da Torre UEM 732. Polo seu lado oeste, está cortando ás UEs 254, 726, 728, 729 e 730. Esta UEM 732 correspón dese cun torreón de factura cadrada, realizado en sillares, do que só se puido documentar o alzado Oeste, e que ten como recheo interior a estrutura cuadrangular escavada no ano 2003 e definida como Torreón Sur da Entrada (UEM 109). Esta estrutura de sillares está directamente asentada sobre o substrato (UE 731), o cal, chega a cortar.

Como estruturas, documentáronse as seguintes:

Cerca Norte da fortaleza (**UEM 229**): actualmente só conserva a estrutura interna de recheo, conservando soamente un único sillar.

Banqueta de nivelación (UEM 734) da Cerca Norte: composta por unha serie de catro pequenas lousas de granito asentadas sobre a cimentación UEM 702, que servirían para asentar e nivelar os sillares da cerca.

Cimentación (UEM 702) da Cerca Norte: realizada con bloques de granito dispostos a modo de tizón, que se asenta no substrato.

Torreón Sur da entrada (UEM 732): revestimento exterior da UEM 109, realizado a sillares.



UE207 (de cascallo) sobre a UEM229 (cerca Norte).



Vista xeral do momento de escavación: á esquerda a cerca Norte e a súa cimentación, apoiada nela a UE 724, e á dereita, ao fondo a UE 257 e en primeiro plano a UE 726.



Vista do corte producido pola UE 733. Obsérvase no perfil a secuencia estratigráfica composta por: UE 726, 728, 729 e 730.



Vista do momento final da

escavación: Cerca Oeste e cimentación, substrato, e UE 726.



Vista da muralla ou cerca.



Á dereita, torreón cadrado UEM732.



Perfil da zona más ao Oeste.



Vista do final da escavación e da cerca Norte.

SECTOR 23 (35)



A intervención realizada neste sector pretendía clarificar como se producía a conexión entre as canles documentadas no exterior do recinto fortificado e no subterráneo (UEM 323 –canal de saída- e UEM 325 –canal de entrada-) coa zona da fonte documentada no sector 23 (35) durante a escavación do ano 2004.

Nesta ocasión, o que se realizou foi a retirada dos niveis de sedimentación (UE 427) existentes na estrutura cadrada anexa á porta (UEM 433 e 434) tapiada (UEM 435), que non se retiraran na escavación de 2004.

Na dita campaña de 2004, documentárase unha canle (UEM 444) escavada na rocha (UEM 445) coas paredes realizadas en pedra, que se escavara parcialmente pola presenza de pedras de granito dispostas transversalmente, optándose pola finalización da escavación nesta área. Na actual intervención pretendíamos retirar os sedimentos e as pedras situadas por debaixo do tapial UEM 435 coa fin de observar como era a conexión entre a canalización UEM 444 e as canalizacións UEM 323 e 325.

A retirada dos restos da UE 427 permitiu documentar a continuación dos restos dunha canalización (UEM 444) escavada na rocha (UE 445), realizada con pedras a cada lado, e que se sitúa a unha cota inferior das canalizacións de entrada (UEM 325) e de saída (UEM 323), documentadas con anterioridade na zona dos subterráneos; cunha leve inclinación cara o sur.

Esta canalización (UEM 444) semella gardar algunha relación coa canalización UEM 443 da pileta UEM 441, xa que a canalización UEM 444 se mete por debaixo do derradeiro escalón das escaleiras (UEM 424) en dirección á pileta. Nembargante, non garda ningunha relación directa coas canalizacións que veñen do exterior, xa que estas colócanse estratigraficamente “cubrindo” a canalización.




Vista da zona antes da intervención. Vista xeral.



Vista da zona antes da intervención. Vista de detalle.



Vista da zona despois da limpeza. Observase en primeiro plano a canalización e o recheo de pedra e terra (UE427).



Vista da zona despois da intervención. Desde o alto. No marxe superior da fotografía, obsérvase o inicio da canalización de saída (UEM323).

7.2.- Limpeza

SECTORES 15, 16, 25, 26, 27, 37 (47, 57, 67, 77 E 87)

A intervención proxectada nestes sectores pretendía comprobar a existencia da Falsabraga ou Barbacá na zona máis oriental da fortaleza, aproveitando que en anos anteriores se descubrixe a parte máis meridional da mesma. Esta tarefa consistiu en retirar os niveis de manto vexetal e de derrube xa documentados en intervencións anteriores (ano 2005) co fin de delimitar o trazado da cerca exterior e que denominamos Barbacá. Este proceso tivo inicio xa no ano 2005, coa retirada do nivel de derrube nos sectores 04, 14 e 15 (anteriormente 27 e 37).

Partiuse desde o tramo localizado da Barbacá (UEM518) cara o N no sector 15, retirando o manto vexetal (UE450) e o nivel de terra vexetal (UE451), baixo o cal apareceu un derrube de sillares e outros elementos líticos (UE1006) de grande envergadura, que necesitou da axuda de maquinaria.

Durante a retirada do derrube UE1006 procedente do tramo SL da Barbacá (UEM518), recuperouse unha grande cantidade de sillares con marcas de canteiro. Como principal característica cabe destacar a abundancia de marcas de canteiro cruciformes, un fito moi destacado, porque en todos os derrubes documentados ao longo das diferentes campañas de actuación, as marcas circulares eran as más representativas en canto a termos cuantitativos. Do mesmo xeito, documentáronse numerosos bolaños de grande diámetro e outros elementos, cono pezas de canles, fustes de columna, ...

Como principal nova, temos que sinalar a aparición dun “bastión”¹³ defensivo (ou ben un Cubo¹⁴) de forma trapezoidal, ben conservado que se lle asignou o código UEM1000. A situación deste bastión coincide diante dunha acumulación pétrea sen

¹³ Torre rectangular ou poligonal con grosos muros, pouca altura e paredes en talude, que sobresae ao exterior no encontro de dous lenzos de muralla. Caracterízase por estar destinada á defensa do fogo artilleiro, e é unha "evolución" do cubo nas esquinas das murallas para non presentar ángulos mortos de tiro na defensa dunha fortaleza.

¹⁴ Calquera torre adosada á muralla por fora que serve para flanquear, reforzar a defensa ou incluso a mesma fortificación facendo as veces de contrafrente. Poden ser, ao igual que as torres de planta cadrada, macizos ou ocos e neste caso, abertos ou pechados ao interior.

escavar que se correspondería cun torreón e que estaría aliñado coa Cerca Sur da Fortaleza (UEM515). Este bastión é similar ao documentado nos sectores 21 e 22 (sector 24 no ano 2005) (UEM555), aínda que conserva maior monumentalidade, debido a que esta zona foi a que menos alteracións sofreu durante o tempo.

Cuberto polo derrube UE1006, apareceu un nivel de terra negra, con algúns material arqueolóxico que cubría a cimentación da Barbacá (UEM518) como do Bastión (UEM1000). Este nivel de terra escura denominouse UE1001. A cimentación do Bastión UEM1000 denominouse UEM1002, e aséntase sobre un afloramento rochoso de granito no cal tamén se asenta a cimentación (UEM1004) da Barbacá UEM518.

Co transcurso da escavación cara o Leste do bastión, a barbacá continua o seu trazado: o novo tramo documentado designouse como UEM1005, e ao derrube asociado UE1008.

As obras de ampliación da vía do tren crearon un talude artificial que provocou a existencia dunha estratigrafía artificial na zona máis setentrional, disposta sobre os niveis de manto e terra vexetal.



Vista da zona de actuación antes de comezalos traballos.




Vista do derrube que cubría á barbacá e ao bastión.



Vista da cimentación da barbacá e o nivel negro.



Vista do proceso de limpeza e retirada de escombros no tramo más oriental.




Vista do Bastión e da barbacá no seu tramo suroeste, en segundo plano.



Vista do bastión.



Vista do bastión e da barbacá no seu tramo sureste.



Exemplo do material lítico documentado.



Vista do material lítico documentado.

7.3.- Materiais

Respecto a outras campañas de intervención, o volume de material recuperado é relativamente reducido, se ben se documentou un numeroso material lítico de grandes dimensíons que foi depositado nunha finca próxima ao xacemento para evitar posíbeis sustraccións (este material segue un inventario diferente que será entregado posteriormente).

A continuación exporemos as principais características dos materiais recuperados, querendo sinalar, que a estas alturas, o material aínda está sendo obxecto de estudo para diversos estudos. Temos que sinalar o feito de que foron documentados dous numismas que se atopan en estado de consolidación, polo que nestes momentos non podemos aportar datos concretos sobre a súa tipoloxía, cronoloxía, etc.; á espera de estudos futuros.

A relación de siglas en canto ao material arqueolóxico é a seguinte:

CERÁMICA:001-535
TELLA:536-581
VIDROS:582-584
AGULLAS:585,586
METAIS:587-667, 675, 676
CUMBO E FERRO:668
PRACA FERRO:669
ESLABÓN:670
ESCARPIA:671
FRAG. FERRO:672
BISAGRA:673
CHUMBO:674
CONXUNTOS ESCOURAS:677-686
FERRO TRIDIMENSIONAL:687
MALACOFAUNA:688-689
ESTUCO:690
ÓSEO:691-708
LÍTICO:709-732

CERÁMICA.


Como é norma neste tipo de traballos, o material cerámico recuperado foi lavado e siglado atendendo ao contexto de aparición por unidades estratigráficas (U.E. e sectores). A sigla identificativa de cada peza cerámica recolle o nome do xacemento (RF), o ano de escavación (06), a Unidade Estratigráfica onde apareceu (U.E.) e finalmente o número de sigla, dando lugar á seguinte sigla: RF-06/U.E./nº de sigla.

Debido ao volume de material e ao carácter que engloba este traballo de investigación, optouse por compaxinar o traballo de campo có do lavado, siglado e análise (este último aínda en desenrolo). Unha vez lavado e siglado o material procedese á súa identificación e diferenciación, seguindo criterios formais e tipolóxicos, agrupando os materiais cerámicos en familias, axilizando a análise e a observación de tipoloxías, facturas, estilos decorativos...

O conxunto ceramolóxico exumado durante a fase de intervención de 2006 amosa as mesmas características que os conxuntos cerámicos exumados durante as anteriores fases de intervención, se ben nesta ocasión o seu volume resulta menor que o recuperado en campañas anteriores. De entre as características principais do conxunto cerámico podemos destacar as seguintes: alto grao de fragmentación das pezas, o que á súa vez dificulta o remontado dos recipientes; a dispersión dos materiais cerámicos –hai fragmentos que pertencen ao mesmo recipiente e que aparecen en diferentes unidades estratigráficas-; predominio da cerámica destinada ao servizo de cociña e almacenaxe; predominio da cocción reductora sobre a oxidante, aínda tendo en conta que a cocción reductora presenta aporte oxidante; e a pouca presenza de cerámicas de importación, referíndonos a cerámicas de louza esmaltada.

Con todo elo, estamos ante un conxunto cerámico onde o 99% do material exumado responde á Cerámica Común Rexional, destinada principalmente ao servizo de cociña e de almacenaxe, predominando o tipo de ola de corpo globular. Trátase dunha cerámica realizada en arxillas micáceas, más ou menos depuradas, con elementos non plásticos de mica, seixo, xisto e calcita e elementos plásticos como a chamota. Se ben a cocción reductora é a predominante á hora de realizar estas cerámicas, non podemos esquecer que en moitos casos presentan aportes oxidantes. O repertorio tipolóxico ven-

sendo a evolución das formas cerámicas altomedievais procedentes da cerámica gris, que na etapa baixomedieval se consolidarán e influirán na cerámica moderna. Observase que a cerámica destinada ao servizo de cociña e almacenaxe –olas fundamentalmente– presenta unha realización máis pobre que a que pode presentar a cerámica destinada ao servizo de mesa e de almacenaxe –xerras, por exemplo–.



Porcentaxe de achádegos cerámicos por UE.

Tipoxicamente, dentro do abano da cerámica do servizo de cociña podemos sinalar a grandes riscos os seguintes tipos:

- Ola de borde de pestana. Caracterízase por un borde esvasado, oblícuo que presenta unha prolongación inferior en forma de pestana. O colo é sinuoso, corpo globular e base plana ou lixeiramente aconcavada ao exterior. Pasta fina, desengraxantes finos compostos por micas e seixos. O exterior da peza soe ser algo máis escuro que o interior.

núcleo. O rematado das superficies limitáse a un suxinto afinado na zona superior.

- Ola de borde horizontal aconcaivado. Defíñese por un borde horizontal ou oblícuo, aconcaivado na súa parte interna e rematado nun beizo engrosado, cecais para asentar a tapadeira, de corpo globular e cecais de base plana. Presenta dúas variantes segundo a forma do colo: variante A, con colo recto ou oblícuo, moi estrangulado, e variante B, cun colo de perfil sinuoso. A pasta é groxeira. O tratamento superficial é bastante parco, limitándose a un suxinto afinado, polo que tería un tacto rugoso, aflorando desengraxantes. A decoración limitáse a dixitacións, incisións e acanaladuras oblícuas. Presentan restos de feluxe, o que evidencia a súa funcionalidade, tendo en conta a súa polivalencia. Xunto á ola de borde realizada é a tipoloxía máis documentada dentro do conxunto cerámico.
- Ola de borde realizada. Denominamos así a un grupo de cerámicas que presentan un borde oblícuo que remata nun beizo vertical orientado cara arriba, máis ou menos desenvolvido, que pode ser redondeado ou apuntado. Presenta un corpo globular, un colo de perfil sinuoso e unha base plana. O tratamento das superficies, aínda considerándoo parco, redúcese ao afinado, e a decoración que presenta no ombreiro é a base de ondas/acanaladuras horizontais paralelas. Podemos sinalar a presenza de dúas variantes dependendo da forma do beizo: con beizo apuntado e con beizo redondeado.

Dentro da cerámica común, temos que sinalar a presenza de xerras, destinadas fundamentalmente ao servizo de almacenaxe de líquidos. A diferenza das olas, esta cerámica está realizada dunha forma más coidada, cunha pasta más fina, ben decantada polo xeral e realizada nun ambiente de cocción oxidante, dando lugar a cerámicas de cor ocre acastañado ou roxizo. Presenta superficies alisadas, a cotío tratadas mediante un brunido ou espatulado vertical, ou no seu defecto, cun alisado. Na zona do borde,

presentan un pico vertedor. Cabe destacar a presenza dun conxunto de fragmentos pertenecentes a un tipo de xerra –áinda por definir- que presenta unha decoración a base dun cordón realizado por incisións oblícuas.

Outra familia cerámica destacable é o correspondente á Anforeta de Indias. Como acontecera nas anteriores campañas, nesta ocasión atestiguouse a presenza desta familia cerámica. En xeral, as pezas desta familia son de pasta de cor paxiza (rosa pálido) aínda que hai exemplares de pasta branquecina. Neste último caso, nalgúnhas obsérvase que en ocasións o núcleo é paxizo e que o branquecino é unha delgada película das caras interna e externa do recipiente. As pastas son homoxéneas, compactas, de grao fino e non presentan en xeral impurezas, aínda que temos que expresar que soen presentar calcita, o que provoca que se observen pequenos puntos negros, tanto na pasta como na superficie. Non temos fragmentos moi significativos morfolóxicamente falando, podendo destacar a presenza de corpos de anforetas con decoracións acanaladas horizontais.



Por rematar, sinalamos a presenza de cerámica con tratamiento superficial a base de recubrimiento por esmalte estannífero ou por vidrado. En canto á louza esmaltada estannífera destaca a aparición de fragmentos de recipientes de louza esmaltada en azul,

azul e dourado e en dourado. A fragmentación das pezas dificulta a adscripción tipolóxica, pero consideramos que se corresponden con formas abertas, especialmente cos tipos de cuncos e pratos.

Constatamos a presenza de fragmentos de pratos e de cuncos de louza esmaltada en verde. Presentan pasta de cor rosada, fina, ben decantada, laminada e porosa, amais de polvorienta ao tacto. No caso dos pratos, a superficie esmaltada é a visible, a interna.

En canto á cerámica vidriada, sinalamos a presenza de tipos anteriormente constatados nas anteriores campañas de escavación. De destacar é a presenza dunha serie de fragmentos con vidriado amarelo, de pasta gris clara, a veces blanquecina, e que por maior singularidade, presentan un borde con triángulos recortados.

A modo de conclusión, presentamos un estudo preliminar que pretende expoñer dunha forma sinxela e breve as principais características do conxunto cerámico. Fixemos máis fincapé na cerámica común rexional (aínda que somos conscientes de que o estudo ceramolóxico futuro proporcionará moitos máis tipos), debido a que é a más representativa en canto a porcentaxe. A louza, se ben é minoritaria en canto representatividade porcentual, é importante por estar ben documentada cronolóxicamente nos lugares de procedencia e o seu comerzo.

En xeral, estamos ante un conxunto cerámico ben contextualizado no tempo, acorde co período no que a fortaleza estivo en uso. Cronolóxicamente, non se pode realizar moitas pareciacións. Semella que hai unha mesturanza de materiais cerámicos nas diferentes unidades estratigráficas, o que dificulta calquera interpretación cronolóxica. Con todo, a ola de borde de pestana e a de borde horizontal aconcañado poderían ser situadas nos momentos máis temperás, namentres o resto de olas poden ser consideradas plenamente baixomedievais e evolución das anteriores. En canto á louza esmaltada, permítenos falar dun contexto do século XIV-XV, aparecendo ao carón das cerámicas más “antigas”. Unha característica do conxunto cerámico é que o servicio ao que ían destinadas os recipientes cerámicos era bastante reducida: básicamente a cociña. Temos que pensar que estos recipientes serían multifunción, idea que xorde debido á non identificación de pratos, por exemplo, que podan adscribirse ao servizo de mesa. Así,

temos pouco máis que identificados olas, xerras e tapadeiras, amais dalgunhas posíbeis queixeiras.


En cambio, a cerámica con tratamiento superficial sí que reflexa o servicio suntuario e o de mesa, incluíndo cuncos, prato. É unha vaixela de luxo, de produción foránea e de alto custe, que en certo modo reflexa as modas do momento. Ao contrario que as cerámicas rexionais galegas, hai unha preocupación por embelecer o producto, máis aló da pura funcionalidade.



Ola de borde de pestana.




Ola de borde de pestana.



Ola de borde de pestana.



Ola de borde horizontal aconchado.



Ola de borde realizado.



Ola de borde realizado.



RF-06/230/129

1 cm

Ola de borde realizado.



RF-06/237/341

RF-06/237/341



RF-06/237/398

1 cm

Ola de borde realizado.



Fragmento de fondo de ola.



Fragmento de fondo de ola.



Fragmento de borde con asa de recipiente globular.





Fragmento de corpo con decoración acanalada horizontal.




Fragmento de corpo con decoración impresa.



Fragmentos de asas pertencentes a xerras de cerámica ocre e acastañada.




Fragmento de base de cunco de louza branca.



Fragmentos de cuncos de louza azul.



Fragmento de base de cunco de louza azul e dourada.



Fragmento de recipiente indeterminado de louza dorada.






Cerámica esmaltada en verde.




Cerámica vidrada en amarelo.




Fragmento de borde dun cántaro de cerámica musulmán.




Olas de borde horizontal aconcavado




Olas de borde de pestana




Olas de borde realzado (variante redondeada)





Olas de borde realzado (variante apuntada)





Olas de borde realzado (variante apuntada)




Fondos de recipientes de forma globular



Decoracións típicas da cerámica común: acanaladuras e impresións



Asas pertencentes a recipientes tipo xerra.




Pequeno cunco con esmalte en branco e borde de cántaro almohade.

METAIS: FERRO E CHUMBO

Foron documentadas un total de 101 pezas metálicas, das cales 99 están elaboradas íntegramente en ferro, unha en ferro e chumbo e outra elaborada íntegramente en chumbo. Do total do conxunto documentado en ferro, coa excepción de tres pezas, e o conxunto de escouras ou restos de fundición, o resto inclúese no denominado conxunto de elementos de construcción, entre o que destacaremos a presenza de cravos de diversa tipoloxía, escarpías, bisagras, eslabóns e unha praqüña de uso ate o de agora indeterminado. As outras tres pezas restantes, reflícten a un fragmento de ferradura e dúas cadeañas de posible uso relacionado con pasadores de armaduras, equipamento de équidos, ou similares. Foi documentada, unha peza elaborada en ferro pero con alto porcentaxe de chumbo, de función indeterminada, así como unha peza claramente decorativa e funcional elaborada íntegramente en chumbo, con pequena moldura e evidencias de ser realizado a molde. A maioría das pezas foron documentadas no entorno dos sectores, 40, 41, 51 e 62.


-Gráfica de achados segundo a tipoloxía documentada



ESCOURAS

Foron documentados un total de 50 fragmentos de restos de fundición ou escouras, todas elas en ferro e de diverso tamaño e peso. Tódalas pezas son informes e algún exemplar atópase adherido a restos cerámicos ou pétreos. Atópanse con alto grao de humidade e en proceso de corrosión activa, con restos de costra de óxido. Unha vez más, ó igual que nas campañas anteriores, documentase a presenza activa de restos de fundición en case tódalas unidades estratigráficas documentadas. Nesta actuación, a maioría dos exemplares recuperados foron rexistrados na U.E. 237, no entorno dos sectores 40 e 41.

-Gráfica de porcentaxe de achados segundo as unidades estratigráficas:




FRAGMENTO DE FERRADURA

Tan só se documentou a presenza dun fragmento de ferradura, na U.E. 700, no entorno da cerca Norte. A peza amosa dous buratos circulares para a suxección da peza a pezuña do animal a través dun cravo ou punta de sección circular. Atópase en estado activo de corrosión e con restos de costra de óxido. Novamente, este tipo de pezas leva a corroborar a presenza de équidos na Fortaleza ou no seu entorno próximo.



ESLABÓNS, ESCARPIAS E BISAGRAS

Foron documentados un total de 3 escarpías, un eslabón e 2 bisagras. As escarpías foron exhumadas no entorno dos sectores 62 e 41, nas unidades estratigráficas 206-126 e 273 respectivamente. Son pezas de grandes dimensíóns, de sección cadrangular e punta romba. Amósanse fragmentadas en estado activo de corrosión cun alto grao de presenza de costra de óxido.



En canto as bisagras, estas foron documentadas no entorno dos sectores 51-62 e 40, nas U.E. 705 e 230 respectivamente. Son pezas rectangulares de sección rectangular plana e con bastante presenza de costra de óxido.



Na presente campaña, a diferenza de campañas anteriores, tan só se documentou un eslabón, fragmentado e de sección pseudos-circular.



CADEÍÑAS

No entorno do sector 51, na U.E. 700, documentaronse dous fragmentos de cadeíñas elaboradas en ferro, en estado activo de corrosión e con presenza de costra de óxido. Un dos exemplares amosa argolas de morfoloxía ovalada mestres que o outro exemplar, amosa as mesmas características só que as argolas son circulares. En ámbolos dous exemplares, as argolas atópanse engarzadas entre sí. A súa finalidade estaría vinculada coa de pasadores relacionados coa función de equipamentos animais ou similares.



Cadeña de argolas ou pasadores ovalados.



Cadeña de argolas ou pasadores circulares.

PEZA ELABORADA EN CHUMBO

Esta peza, foi documentada na U.E. 226 no entorno do sector 62. A súa decoración e tipoloxía leva a pensar nunha posible finalidade funcional e decorativa, como posible tirador de suxección.




CRAVOS

Foron recuperados un total de 74 cravos dos cales 14 son considerados espigos ou vástagos, é dicir, están ausentes de cabeza e/ou punta. En canto a estes vástagos, todos seguen a tipoloxía habitual para este tipo de cravos, correspondéndose con vástagos de sección cadrangular de punta rompa, afiada ou seccionada. A media de grosor oscila entre os 0,7cm e 1 cm.

En canto as cabezas documentadas, ó igual que as campañas anteriores, destaca o alto número de diversas tipoloxías e que, unha vez máis, leva a pensar na funcionalidade específica de cada cravo. Cuantitativamente, destacaremos a presenza de cravos de cabeza cadrangular-plana e de cabeza circular e ovalada-plana ou abombada. Como tipoloxías más excepcionáis, destacaremos a presenza de cravos denominados en L invertida, de cabeza semicircular e un extremo recto en ángulo recto co espigo, cravos denominados en T, e un cravo de cabeza romboidal.

En xeral, estamos diante de exemplares en bo estado de conservación, aínda que na súa totalidade conservan restos de costra de óxido. Na presente campaña sobresáe o feito de que a maioría dos exemplares recuperados corresponden con cravos íntegramente recuperados, en contraposición co reducido conxunto de pezas fragmentadas (espigos ou vástagos).

Do total do conxunto recuperado, a maioría das pezas foron rexistradas nas unidades estratigráficas 237, 700, 251 e 226. En canto ós sectores vinculados ós achados, a seguinte gráfica é representativa da mostra recuperada:



Cravos de cabeza rectangular-plana



Cravo de cabeza cadrada-plana



Exemplo de cabeça cadrada-plana. RF-06/217/598



Cravo en T




Cravo de cabeza cadrada-plana

BRONCES.

Conxunto de tres fragmentos de agullas de tocador (*acus crinalis*), pertencendo duas delas á mesma peza. Unha vez máis, este tipo de pezas lévanos a constatar o feito de que na Fortaleza o material broncíneo estaba destinado a usos más delicados e ornamentais, xa que en tódalas campañas de actuación constatouse a presenza dun reducido material broncíneo, claramente destinado a uso ornamental e decorativo.

As pezas documentadas, atopáronse no entorno das unidades estratigráficas 728 e 254 no entorno dos sectores 61 e 51 respectivamente.

Foi documentado un vástago ou espigo curvo, ausente de cabeza e de punta afiada, de sección circular e dun milímetro de grosor. Amosa cor verdoso e non conserva restos de broncíneo orixinal.




A outra peza, fragmentada en duas partes, conserva parte do vástago, de características xerais, de sección circular e dun milímetro de grosor, ainda que en mal estado de conservación. A cabeza conta coa morfoloxía características para este tipo de pezas, circular, valeira e engarzando ao espigo. Novamente estamos a falar de agullas de traballo fino e delicado, realizadas a molde.

En canto ó seu uso específico, este tipo de pezas servían tanto como enganche-suxección de vestimenta, como de hábitos, para o cabelo, etc.




VIDROS.

Conxunto de 3 fragmentos de vidro, documentados dous de eles no entorno do sector 51, na U.E. 254. Ámbalas dúas pezas, pertencen a un fragmento de bordo e de colo de pasta vítrea, de cor translúcido e verde botella respectivamente. Atópanse fragmentados, raiados e con restos de pequenas e diminutas burbullas, producidas no proceso de soprado ou no proceso de deterioro do material.




O último fragmento recuperado, foi rexistrado na U.E. 237 no entorno do sector 41. Esta última peza caracterízase por ser un elemento decorativo dun posible móbel ou similar. Amosa morfoloxía circular-abombada de base plana, de cor verde botella e cun relevo circular no centro da peza.





CERÁMICA DE CONSTRUCIÓN: TELLA.

Foron recuperados un total de 45 fragmentos de tellas curvas, como cerámica de construcción e que, ó longo de tódalas campañas, xunto coa cerámica de mesa tanto común como de importación, é un dos materiais máis documentados. Estamos diante dun conxunto altamente fragmentado do que, na súa maioría, correspóndense con fragmentos curvos que conservan parte dos bordos laterais ou frontais, tanto anteriores como posteriores. Seguen a manter as características xerais para este tipo de cerámica medieval de construcción, tales como pastas groseiras de cores claros (roxizos, laranxas, marróns ou ocres), desgraxantes grosos de seixo e mica con aportacións de chamota e cal (este último de xeito máis puntual), superficies interiores sen tratamiento algúin, así como superficies exteriores alisadas con alisados verticais por norma xeral. A maioría das pastas, amósanse laminadas, bastante porosas e con presenza de vacuoliñas.

Tamén se rexistraron pezas que amosan marcas de dixitacións nos extremos, na superficie exterior, a modo de impresións exercidas pola forza da presión das mans para adaptar a pasta ao molde. Na presente campaña, a diferenza de campañas anteriores, os fragmentos conservados son de reducidas dimensións, conservándose tan só un 10% do material, con tres bordos, dous laterais e un frontal. Non foi documentada ningunha peza completa. Pola contra, os bordos seguen a ter as mesmas características que os documentados nas actuacións anteriores e, a excepción duns poucos de morfoloxía oblícua, os restantes amósanse sinxelos, rectos e planos. Algúns dos exemplares, amósanse polvorientos ao tacto, como aqueles de pastas alaranxadas e desgraxantes miúdos con poucos aportes de seixo ou de chamota.








LÍTICOS.

Exceptuando os líticos de grandes dimensións e que, debido a este motivo foron depositados nunha finca anexa ó castelo, foron rexistrados e documentados en laboratorio 45 exemplares de fragmentos líticos todos eles elaborados en granito, agás 5 fragmentos elaborados en xisto. Do total do conxunto, na presente campaña destaca a presenza de elementos arquitectónicos e decorativos, seguidos cuantitativamente, dun alto número de posibles tapadeiras (en proceso de estudo e análise), de proxectís pétreos e de pequenos fragmentos de afiadores.



Do total do conxunto, recuperáronse 8 fustes de granulometría media-fina, na sua maioría pulidos, sendo conservados fragmentos de considerables dimensións, de entre 15 e 32 cms de alto e cunha media de 15-17cm de grosor. Foron recuperados na súa maioría no entorno do sector 51. Asemade, foron documentadas tres basas de columnas ou fustes, de sección circular, estando dúas delas decoradas con motivos vexetais metopados e un deles liso, pulido e cun tratamento moito más coidado que o do resto dos fustes. Estas tres pezas están elaboradas nun granito máis propicio para a talla destes elementos e que xa, dende campañas anteriores se ven confirmado, correspondéndose con granitos de tonos máis roxizos ou alaranxados. Dentro deste conxunto, recuperouse un fragmento de capitel gótico, de liñas suaves e sinxelas documentado na U.E.726 no entorno do sector 62.

En canto ó conxunto de molduras atopadas, na súa maioría pertencen a fragmentos de celosías góticas, con rebaixes e molduras propias do estilo gótico de este tipo de vanos.

Como elementos de uso funcional e de arquitectura defensiva, foi recuperada a parte superior dun merlón triangular, do que xa se tiña constancia da súa existencia no castelo.

Dentro do conxunto total de líticos exhumado, recuperáronse un total de 8 proxectís, rexistrado na maioría das unidades estratigráficas relacionadas con derrubos. Excepto un dos exemplares, o restos atópanse altamente fragmentados, conservándose tan só, medias partes ou cuartos. Son de reducidas dimensións, polo que estamos a falar de proxectís lanzados con bombardas.

Asemade, documentouse un alto número (10 exemplares) de posibles tapadeiras, xa que segundo estudos realizados, esta podería ser a súa finalidade, xa que ata o momento non está clara a súa tipoloxía. O que si é evidente e que xa se tiñan documentado dentro do castelo.

As tapadeiras realizadas en pedra –granito no noso caso- son un elemento pouco común nos estudos de materiais arqueolóxicos, cecais pola súa problemática identificación como tais ou como fragmentos de proxectís pétreos de pequeno tamaño. Xa indicamos a existencia de proxectís pétreos, os cales se presentan así mesmo fragmentados, pero coa característica de que amosan a superficie exterior perfectamente redondeada, cecais pola necesidade de ter un módulo e forma regular para o correcto funcionamento do trabuco. Pola súa banda, os elementos que identificamos como tapadeiras, presentan unha morfoloxía de menos de $\frac{1}{4}$ de casquete, e superficie exterior non está ben traballada.

As tapadeiras, de diferentes materiais, son moi frecuentes desde época romana; variábeis en canto ao tipo de material, bastante irregulares. As nosas tapadeiras presentan unha factura tosca, pero comparten características suficientes para ser consideradas como tais: unha cara plana e unha forma con tendencia circular conseguida

recortando a peza. Paralelos destas tapadeiras as atopamos en Peñaferruz (Asturias); no poboado de Apardués dos séculos XII-XIV; Ascoz, séculos XII-XIV; e no xacemento de Tintern Abbey (Inglaterra), abadía cistercense ocupada entre os séculos XII e XV, entre outros (Gutiérrez González (2003): páx. 260).

Finalmente, e de novo, ó igual que en campañas anteriores, documentouse un número relevante de afiadores, se o temos en conta dentro de todo o conxunto lítico recuperado. Todos se amosan elaborados en xisto, de cor gris escuro e de superficies pulidas e suaves ao tacto. Atópanse altamente fragmentados.



PROXECTÍS PÉTREOS







AFIADORES




TAPADEIRAS



FUSTES







CAPITEL



MOLDURAS



FRAGMENTO DE MERLÓN




Especialmente significativa foi a aparición dunha grande cantidade de elementos arquitectónicos tipo sillares na zona onde se deixou á vista a barbacá (sectores 47, 57, 67 e 77). No nivel de derrube documentado xa en intervencións anteriores, apareceron

numerosos sillares con marcas de canteiro, especialmente de forma en “○” e en cruz

“+”.



Sillar con marca de canteiro circular.



Sillar con marca de canteiro en cruz.

Outros elementos recuperados pertencen ao apartado balístico, con bolaños de diferente diámetro, áinda que destan por número aqueles que presenta un diámetro maior.



Bolaño.



Bolaño.

Tamén é singular a abundante presenza de tramos de canles, de sección cuadrangular. Nalgúns casos, o tramo da canle está pechada, polo que seguramente se corresponda con outro tipo de elemento arquitectónico, como pode ser, cecais, o espazo polo cal discorre o rastrillo dunha porta.



Fragmento de canalización.



Fragmento de canalización.



Fragmento de elemento que ben podería ser a zona de encaixe do rastrillo da porta.



Vista dos elementos líticos recuperados.

MATERIAL ÓSEO.


Na campaña de 2006 foron recuperados un total de 25 fragmentos óseos, dos cales 3 fragmentos pertencen a molares ou colmillos e 2 a fragmentos de vértebras. O igual que nas campañas anteriores, o material óseo recuperado, refire a restos animais de posibles especies como vacúns, ovicapridos e suídos.

Amósanse moi fragmentados, áinda que se atopan en bo estado de conservación. Destacan de novo, e a priori, a presenza de especies domésticas, con unha determinada finalidade, a alimenticia. Os restos de posibles vacúns (*Bos taurus*), así como os de ovicaprinos e suídos (*ovis aries/capra hircus* e *sus domesticus* respectivamente) aparecen representados en menor número que en campañas anteriores.

Cabe destacar de novo a presenza de dentes e molares, en bo estado de conservación, e que poderán revelar datos futuros de grande interese, tales como a idade dos animais, o sexo, etc.

A maioría dos exemplares recuperados foron rexistrados no entorno do sector 40, nas unidades estratigráficas 237 e 230.

-Gráfica de porcentaxe de achados por unidades estratigráficas:



Na presente campaña, á diferenza de outras campañas de actuación, o valor cuantitativo dos exemplares recuperados é moito menor, áinda que, de novo, estamos a

falar dunha presenza que confirma novamente a importancia deste tipo de animais no entorno da fortaleza, tanto como animal domesticado como para o seu uso alimenticio.

MALACOFAUNA

Á diferenza coas campañas anteriores, na presente actuación arqueolóxica, tan só foron documentados 10 exemplares de bibalvos, concretamente de ostras (*ostrea edulis*). Os exemplares documentados están vinculados cos unidades estratigráficas 1006 e 1007, no entorno dos sectores 36 e 27 respectivamente. Dos dez exemplares recuperados, 8 foron rexistrados na U.E. 1007.

A súa presenza está vinculada non só á función alimenticia senón como comprobamos en anteriores campañas, á súa utilidade como elemento construtivo, formando parte da argamasa utilizada na compatación e colmatación de sillares e muros.

ESTUCO.

Na presente campaña foron recollidos in situ no sector 27 na U.E.M. 1000, varias mostras e fragmentos de estuco. Este tipo de material, xa documentado en campañas anteriores e todavía conservado en U.E.M. como na zona da fonte, ven a corroborar o feito de que este tipo de material era utilizado para recubrir e decorar as superficies pétreas. A súa conservación dentro do castelo é minoritaria, cecais debido ó feito de que as estructuras murarias documentadas ate o de agora, atópanse altamente alteradas co paso do tempo debido a varios factores.

Bibliografía:

- Casal García, R; Acuña Castroviejo, F. et al. (2004): *A Fortaleza de Rocha Forte (Santiago): campañas de intervención 2002-2003*. En: Gallaecia, nº 23, páxs. 195-204, 2004, Santiago de Compostela.
- Casal García, R; Acuña Castroviejo, F. et al. (2005): *La Fortaleza de a Rocha Forte. Campañas de intervención 2004*. En: Gallaecia, nº 24, páx. 193-219. Santiago de Compostela.
- Casal García, R; Acuña Castroviejo, F. et al. (2006): *Fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2005*. En: Gallaecia, nº 25, páxs. 147-204-171, 2006, Santiago de Compostela.
- Gutierrez González, J.A. (2003): *Peñaferruz (Gijón). El castillo de Curiel y su territorio*. Serie Patrimonio. VTP Editorial. Gijón.
- Monteiro, Joao Gouveia (1999): *Os castelos portugueses dos finais da Idade Media*. Lisboa.
- Mora Figueroa, L (2006): Glosario de arquitectura defensiva medieval.

Numismas:

- González Vila, G (2006): *Achádegos numismáticos na Fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela)*. En: Gallaecia, nº 25, Santiago de Compostela.
- González Vila, G; Roma Valdés, A (2006): *Monedas de Enrique II fabricadas entre 1369 y 1373. Una posible emisión compostelana*. En: Gallaecia, nº 25, Santiago de Compostela.

Cerámica:

- César Vila, M. e Bonilla Rodríguez, A. (2003): *Estudio de los materiales cerámicos del <Castelo da Lúa> (Rianxo, A Coruña)*. En: Gallaecia, nº 22, páxs. 297-367, Santiago de Compostela.
- Diogo, J. M. e Chilra Abraços, H. (coords.) (1998): *Actas das 2^as Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio*. Câmara Municipal de Tondela, Tondela.
- Fariña Busto, F. (1974-1975): *Contribución ao estudo da cerámica medieval en Galicia*. En: Cuadernos de Estudios Gallegos. T. 29, fasc. 87-89, páx. 51-64.
- Fariña Busto, F; Romero, M, Vázquez, J.M. (1973): *Nuevos hallazgos de “anforiñas”*. En: El Museo de Pontevedra, XXVII, pp. 72-90, Pontevedra.

- Ferreira Priegue, E. M^a. (1984): *Fuentes para la exportación gallega de la segunda mitad del siglo XV: el peatge de mar de valencia*. Universidade de Santiago de Compostela.

- Gutiérrez González, J. A; Ramón Bohigas Roldán, R. (coords.) 1989: *La Cerámica medieval en el norte y noroeste de la península Ibérica : aproximación a su estudio*. Universidad de León.

- M. Gerrard, C.; Gutiérrez, A; G. Vince, A. (eds) (1995): *Spanish Medieval Ceramics in Spain and the British Isles*. BAR International Series 610, Oxford.

- Marken, M. (1994): *Pottery from Spanish Shipwrecks, 1500-1800*. University Press, Miami.

- Martínez Casal, J.R. (2006): A cerámica medieval da fortaleza de A Rocha Forte. Contribución ao seu estudio. En: *Gallaecia*, nº 25, Santiago de Compostela.

- Matesanz Vera, P (1987): *La cerámica medieval cristiana en el Norte (ss. IX-XIII): estado de la cuestión*. En: II Congreso de Arqueología Medieval Española, vol. I (Ponencias), Madrid, pax. 246-260.

- Mesquida García, M (1995): *La cerámica azul y dorada de Paterna: formas y decoraciones*. En: VV.AA (1995): Jornadas de Cerámica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio. Páx. 97-108. Cámara Municipal de Tondela. Tondela.

- Riu, M. (director) (1984): *Ceràmica grisa I terrisa popular de la Catalunya Medieval*. Acta Medievalia, Annex 2. Departament d'Historia Medieval, Barcelona.

- Riu Martín, M^a del Carmen (1992): *Las piezas de cerámica halladas en las bóvedas de las iglesias barcelonesas del siglo XIV*. En: Acta Medievalia, N° 13, páx. 375-424, Universidad de Barcelona.

- Suárez Otero, J; Gimeno García-Lomas, R. e Fariña Busto, F. (1989): *La Cerámica medieval en Galicia*. En: Gutiérrez González, J. A; Ramón Bohigas Roldán, R. (coords.) (1989): La Cerámica medieval en el norte y noroeste de la península Ibérica : aproximación a su estudio. Universidad de León, páx. 285-301.

- VV.AA (1995): *Jornadas de Cerâmica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudio*. Cámara Municipal de Tondela. Tondela.

8. CONCLUSIÓN

A presente campaña de escavación corrobora de novo os dados adiantados nas anteriores fases de traballo. De novo a estratigrafía rexistrada así como o estudo previo dos materiais e a súa localización en campo, demostran que se documentan alomenos dous momentos: un, formado polos depósitos procedentes do ataque, destrución e abandono da fortaleza, caracterizado polas unidades estratigráficas superiores e polos niveis de derrube, e o segundo, formado polos diversos niveis de ocupación orixinados durante a ocupación da fortaleza, cuxo exemplo máis claro é o da estratigrafía dos sectores 41 e 42, onde se constatan baixo os niveis de derrube importantes niveis ou depósitos con moito material arqueolóxico –todo el bastante homoxéneo en canto datacóns- que se orixinan con aportes procedentes do interior do castelo.

Documentouse o tramo da cerca muraria do castelo desde o Torreón NW (UEM211) até o torreón Sur da zona da entrada (UEM732). A escavación deixou á vista unha muralla que só conserva os cimentos e a estrutura interna, debido á desaparición dos sillares que revestirían o alzado exterior, do cal só se conserva un exemplar, así como o paramento exterior realizado en sillares do torreón sur da entrada. Todo isto nos leva a pensar na importante actividade de saqueo e destrución que sofreu a zona máis accesíbel do xacemento desde o momento da súa destrución. Esta zona, sería así mesmo, unha das más atacadas durante a revolta irmandiña.

Por outra banda, descubriuse, o tramo case completo da Barbacá no seu lado sur, traballo que non se puido rematar debido á ampliación das vías do ferrocarril, que ocuparon parte da superficie do castelo. Documentouse a existencia de reforzos na barbacá dispostos para protexer as torres intermedias da fortaleza, realizados dunha forma diferente aos tramos que protexen ás torres circulares que se documentaron na zona suroeste e noroeste do castelo.

Por último, non debemos esquecer os efectos da construcción do ferrocarril, que soamente non alteraron profundamente a planta do xacemento e algunas das súas estruturas senón que contribuíu á creación de niveis artificiais. Significativa é a recente alteración que sofreu o xacemento debido á realización das derradeiras obras no trazado da vía do tren coa ampliación dos terrapléns laterais, que ocuparon parte da superficie

norte do recinto amurallado, e imposibilitarán a escavación no sector máis oriental da fortaleza.

Como en anos anteriores, o grande volume de material arqueolóxico documentado referido a elementos arquitectónicos –fragmentos de canles, merlóns, sillares con marca de canteiro, capiteis, fustes; etc.-, elementos balísticos –bolaños de diferente módulo, por exemplo- suxire unha problemática en canto á súa conservación. Debido ao elevado volume existente, que imposibilita o seu traslado, así como a súa importante significación pola riqueza dos mesmos e a que non hai unha colección tan completa –coñecida-, é necesario contar cun recinto fechado para ser almacenados con garantías de non ser expoliados. Actualmente, os elementos más significativos están depositados nunha propiedade próxima cedida por un veciño, mais consideramos que sería necesario acometer un proxecto de cerre do xacemento para poder depositar o material de grande tamaño.

Así, numerosos sillares permanecen ao ar libre na superficie máis inmediata do xacemento sen que haxa medidas que eviten o seu expolio.

Outro elemento de interese que habería que abordar é o impacto que a remodelación da vía de ferro para o futuro AVE supuxo para o xacemento de A Rocha Forte. Anteriormente citamos que as obras de acondicionamento ampliaron o terraplen da vía sobre os sectores orientais do xacemento. A isto hai que sumarlle a realización dun vial soterrado dentro do perímetro de protección integral do xacemento para cruzar a vía do tren. Queremos así mesmo denunciar que para a realización do vial, non se tivo en conta a nosa presenza no xacemento para poder facer o control de obras e valorar o impacto arqueolóxico producido por esta intervención.

Santiago de Compostela, a de xaneiro de 2007.

Os arqueólogos directores.

Fdo. Raquel Casal García.

Fdo. Fernando Acuña Castroviejo

EQUIPO DE TRABALLO DURANTE A ACTUACIÓN

Directores da actuación

Raquel Casal García.

Fernando Acuña Castroviejo.

Equipo técnico

José Ramón Martínez Casal.

Guillermo Santamaría Gámez.

Equipo traballo de campo e gabinete

Goretti González Vila.

Nuria Liñeiro Gerpe.

Sara Rodríguez López.

Víctor Vázquez Domínguez.

María